

A colorful illustration of children playing on a purple quilt. At the top, a sign with the word 'English' is visible. The quilt features various patterns and colors like green, yellow, and blue. A girl in a red dress and a white dog are also present.

PROGRAMACIÓN ANUAL

LINGUA INGLESA

2º CICLO EDUCACIÓN INFANTIL

CURSO 2020/21

Índice

1.- Introducción

2.- Obxectivos xerais para o ciclo

3.- Conceptos

4.- Contidos

4.1.- 4º Ed. Infantil

4.2.- 5º Ed. Infantil

4.3.- 6º Ed. Infantil

5.-Procedementos

6.- Actitudes

7.- Metodoloxía

8.- Recursos

9.- Avaliación

10.- Criterios de Avaliación

1.- INTRODUCCIÓN

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira é considerada un elemento enriquecedor na Educación Infantil, tanto polas necesidades culturais dos nosos tempos coma polo alto grao de compatibilidade dos procedementos involucrados na aprendizaxe do inglés cos obxectivos propostos pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio.

A capacidade dos nenos máis pequenos para aprender idiomas é coñecida e aceptada pola maioría dos especialistas, ao que se engade a posibilidade de integrar o ensino do inglés na metodoloxía da Educación Infantil en xeral. Ao iniciar o estudo dunha lingua estranxeira a unha idade tan temperá, preténdese que a adquisición da lingua se realice dun xeito lúdico e estimulante que prepare o neno para o proceso continuado que abarcará a Educación Primaria e Secundaria na súa totalidade. Os nenos que teñen este contacto cunha lingua estranxeira na Educación Infantil desenvolverán, cun esforzo mínimo, un conxunto de aptitudes e capacidades (sobre todo de comprensión auditiva e de pronuncia) que lles axudará ao longo dos seus anos de estudo.

2. OBXECTIVOS XERAIS PARA O CICLO

- Amosar unha actitude positiva hacia a aprendizaxe do novo idioma
- Captar o sentido de contos e textos orais sinxelos coa axuda de apoios visuais e sonoros, os xestos, as expresións faciais, os contextos establecidos, etc.
- Seguir instrucións orais sinxelas.
- Recoñecer os sonidos, a entoación e o ritmo do novo idioma.
- Usar os coñecementos conceptuais e procedimentais doutras áreas para aprender inglés (números, cores, relacións, espacio/tempo, habilidades como rodear, doblar, picar, colorear, aspectos musicais e rítmicos, etc...)
- Amosar interés nos aspectos socioculturais dos países de fala inglesa.

3. CONCEPTOS

- Intencións comunicativas: saudar, identificarse, cualificar limitadamente aspectos: color, tamaño.
- Situacións de comunicación: dentro do aula, na casa, con dous interlocutores
- Vocabulario: saúdos, identificacios, cuantificacios, localización espacial.
- Aspectos temáticos: cores, números, casa, aula, familia, animais, corpo.

4. CONTIDOS

4.1.- 4º Ed. Infantil

- *Hello, bye bye, good morning*
- *What's your name?: I'm... / My name is...*
- *School: bag, book, crayón, pencil*
- *Family: mummy, daddy, sister, brother*
- *Toys: ball, car, doll, teddy,*
- *Body: ears, eyes, mouth, nose.*
- *Pets: cat, dog, elephant, fish, mouse*
- *Food: Apple, banana, orange, pear*
- *Sit down/stand up*
- *Colours: blue, red, green, yellow*
- *Adjectives: Happy / sad, big/little*
- *Numbers: one, two, three,*
- *Weather: sunny, rainy, windy, cloudy, hot, cold*
- *Festivals: halloween, Christmas, carnival.*

4.2.- 5º Ed. Infantil

- *Hello, bye bye, good morning*
- *Thank you, please*
- *Weather*
- *What's your name?: I'm... / My name is...*
- *Adjectives: Hungry, scared; big/small.*
- *School: chair, door, table, window,*
- *Family: auntie, cousin , grandad, granny*
- *Body: arms, hands, head, legs*
- *Clothes: coat, dress, hat, shoes, trousers*
- *Animals: cow, horse, pig, sheep*
- *Transport: bike, boat, bus car, plane, train.*
- *Colours: (blue, red, green, yellow) pink, purple, black, white*
- *Numbers:four, five, six*
- *Festivals: Christmas, halloween, carnaval*

4.3.- 6º Ed. Infantil

- *Hello, bye bye, good morning, good night, good bye*
- *Shapes: circle, square, triangle*
- *How old are you? I'm ...*
- *Home: bathroom, bedroom, kitchen, living room.*
- *Toys: seesaw, slide, springer, swing, (down, up)*
- *Body: feet, fingers, hair, teeth, (long, short)*
- *Clothes: boots, scarf, shorts, skirt, socks, t-shirt.*
- *People: doctor, pirate, princess, snowman, superhero*
- *Animals: elephant, lion, monkey, snake, snail (fast /slow)*
- *Food: cake, juice, sándwiches, wáter, crisps, fruit, vegetables, sweets.
 hungry, thirsty, eat, drink, (bad for you/good for you)*
- *Numbers: ... seven, eight, nine , ten*
- *Halloween: witch, owl, pumpkin...*
- *Merry Christmas / Christmas tree/ snowman, star, present, horse , bell*
- *Easter: bunny, chocolate, egg,*

5.PROCEDEMENTOS

- Familiarización dos sons na lingua estranxeira tanto as illadas como en grupo.
- Comprensión de mensaxes orais sinxelos, sempre contextualizados.
- Reacción ante diversas mensaxes:
 - Producción de saúdos
 - Localización de obxectos
 - Respostas non orais a mensaxes orais
 - Obedecer ordes
 - Nomear obxectos, identificar movementos

6.- ACTITUDES

- Sensibilización ao uso dun novo código dentro do cal é posible a comunicación
- Actitude respetuosa ante o uso doutra lingua como feito diferenciador

- Gusto polos contos en lingua inglesa
- Gusto polo uso da lingua inglesa

7. METODOLOXÍA

En idades tempranas a aprendizaxe da lingua estranxeira ten moito en común coa adquisición da lingua materna. Neste caso o neno/a está exposto á linguaxe oral de xeito significativa e o vai adquirindo pouco a pouco.

É importante non ensinar demasiada materia nova dunha vez.

O novo vocabulario ensínase con xogos, cancións e chants, o que anima ós nenos/as a repetilo seguindo así unha pronunciación correcta dun xeito natural.

Débase animar ós nenos/as a participar xa que éste é o mellor xeito de aprender e, por suposto, moito máis divertido.

Na aula utilizaremos expresión e estruturas idiomáticas como unha parte natural da linguaxe de aula, concedendo moita importancia a súa utilización por parte do profesor/a, de xeito que co uso repetido dentro das diferentes actividades, os nenos/as coa súa asombrosa habilidade de imitación, observaranas e utilizarán de xeito natural.

8. RECURSOS

Amanda and Friends: Student`s books, stickers, pop outs, posters, dvds, games, flashcards...

Material para colorear, picar...

Pizarra dixital ou canón

Songs (Super simple songs...)

Xogos...

Faranse tamén actividades tipo TPR e xogos; seguindo o método Total Physical Response, o profesor da unha serie de instrucións e os alumnos/as responden de forma non verbal facendo acción ou mímica apropiadas.

Teremos actividades de: play time, table time, circle time.

9. AVALIACIÓN

Será continúa basada na observación diaria no traballo realizado na aula (traballo, participación, colaboración cos compañeiros, comprensión e expresión oral, preescritura (5 anos)

10. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

* Actividades de clase

- Segue as instrucións da clase
- Intenta comunicase con profesor/a marioneta Monkey
- escoita e entende as cancións e rimas
- Intenta participar nas cancións/rimas (letras, accións o as dúas cousas)
- Pode seguir o conto
- Participa nos xogos
- Completa as fichas
- Completa os traballos manuais con coidado
- Responde non-verbalmente ás instrucións
- Responde verbalmente ás instrucións
- Recoñece o vocabulario clave da unidade e empeza a nomealo en inglés

* Actitude e comentarios xerais

- Mostra interese en aprender
- Esfórzase
- Participa
- Séntese seguro/a na clase
- Respecta as rutinas e as normas da clase
- Desenvolve a psicomotricidade grosa
- Desenvolve a psicomotricidade fina
- Coopera cos/as compañeiros/as da clase
- escoita os/as compañeiros/as da clase

- Respecta as normas das quendas de palabra